ATENEA

8M

ATENEO ARTISTICO CIENTIFICO DE FERROL

Atenea especial feminista



índice

Especial Atenea Feminista

Coordinadora e deseño:


Sonia Mauriz Pereira





Cartel de A.G.C

O feminismo en perigo de diluirse no neoliberalismo.



Seguimos precisando feminismo

A mellor nova que poderíamos ter como sociedade sería a desaparición do feminismo porque xa non fose preciso. Sen embargo, parece máis necesario que nunca. Os números alarman, a violencia machista medra en número entre a mocidade e baixa a idade media dous implicados.

Moitos novos e novas votantes manifestan que votarán a opcións de ultradereita porque consideran que o feminismo e a esquerda criminalizan aos homes.

Por outra banda ou neoliberalismo pretende facer do feminismo un obxecto de consumo, un tipo de imaxe social, baleirándoo do seu significado político e teórico.

Máis que nunca, as feministas debemos facernos fortes na nosa actividade e defender á nosa xenealoxía fronte a sociedade líquida de consumo.

Os movementos sociais corren perigo de converterse en peformances sen máis obxecto que a estética.

Máis que nunca, feminismo ou barbarie.

O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER MÁIS NECESARIO



Outro ano máis, outro 8M.

Como o Nadal ou Halloween, cada 365 días repítese o “ritual do feminismo”.
Cada 8 de marzo as mulleres de todas partes do planeta saen ás rúas para reivindicar os dereitos que sempre foron seus como seres humanos que son pero que parece que se non piden insistentemente esquécese que lles pertencen. E máxime nestes tempos que corren de descrenza e crise perpetua.
Aquí, no noso país, outro ano máis tamén as mulleres atopámonos có que a psicóloga feminista Carola Gómez Moya denomina “pinza misógina” entre quen non cre que sexa xa necesario un día para seguir loitando polos nosos dereitos porque as mulleres xa o temos todo conseguido, a pesar de que os datos obxectivos contradinlles, e quen pensa que o Día Internacional da Muller non era o suficientemente inclusivo e que mellor celebrar o 8M como unha festa da diversidade con batucadas, bandeiras de todas as cores e bailes.

O Día da Muller Traballadora xurdiu por unha necesidade.

Todas sabemos como eran as condicións de traballo durante a Revolución Industrial: as mulleres, que eran moi valoradas na industria téxtil polas súas habilidades, traballaban xornadas de máis de 14 horas, igual ca os homes, pero por menos da metade do xornal e expostas a produtos químicos que lles esnaquizaban os pulmóns, sen condicións de salubridade nin baixas por partos ou enfermidades derivadas. E iso, mentres realizaban o traballo da casa e parían fillos por ducias, vivos ou mortos.

.

A isto, habería que engadirlle o traballo infantil a partires dos 5 anos con horarios como os dos adultos e xornais de miseria.

O 8 de marzo de 1857, centos de mulleres da fábrica de textís Cotton de Nova York saíron á rúa para protestar polas pésimas condicións laborais que tiñan que aturar.


A traballadoras pedían cousas tan insólitas como horarios laborais razoables que lles permitisen realizar as tarefas da casa e durmir, cobrar o mesmo ca os homes polo mesmo traballo, tempo para aleitar os seus bebés e o fin do traballo infantil. Aquela manifestación rematou mal, coa policía dispersando a protesta e 120 das manifestantes mortas pola represión policial.

Aínda así, as traballadoras non se deixaron amedrentar e seguiron as protestas dende ese histórico 8 de marzo. Dous anos máis tarde fundaron o seu primeiro sindicato.

No ano 1909, celebrouse por vez primeira un día nacional da muller, declarado o 28 de febreiro polo Partido Socialista de EEUU. A data serviu de escenario para numerosas protestas baixo o lema «Pan e Rosas», no que o pan simbolizaba a seguridade económica e as rosas a calidade de vida para as mulleres.

«*Mentres imos marchando, traemos días mellores*
nosa loita de mulleres é pola humanidade.
Xa abonda que dez traballen para un que descansa,
si ás glorias da vida,
pan e rosas
e pan e rosas.»

Ilustración Xiana Rivas





O ano seguinte, na II Conferencia Internacional de Mujeres Socialistas, reunida en Copenhague, reiterouse a demanda de sufraxio universal para as mulleres e, a proposta de Clara Zetkin, proclamouse o 8 de marzo como o Día Internacional da Muller Traballadora.

A reivindicación dun Día da Muller viviu o seu bautizo de sangue o 25 de marzo de 1911, tamén en Nova York.

A fábrica de camisas Triangle Shirtwaist ardeu na madrugada, con centos de mulleres que traballaban no interior do edificio de dez plantas e que non puideron escapar das lapas, porque os donos bloquearan todas as portas para evitar roubos. A dramática escena no corazón de Manhattan na que morreron 146 mulleres e 23 homes, conmocionou á opinión pública. A meirande parte das vítimas eran mozas inmigrantes, de orixe xudía e italiano, que traballaban precariamente no taller téxtil.

A traxedia, que coincidiu coas habituais protestas levadas a cabo ano tras ano no mes de marzo, serviu para que as leis estadounidenses comezasen a aplicar melloras na seguridade no traballo do sector industrial. O incendio da fábrica valeu, ademais, de punto de inicio para a causa das mulleres traballadoras e do internacionalismo obreiro en todo o mundo. O sindicato Women's Trade Union League e o International Ladies' Garment Workers Union organizaron moitas das protestas, entre as que destacou o desfile funerario silencioso que reuniu a unha multitude de 100.000 persoas.


Con todo, houbo que agardar ata 1977 para que a ONU convertise a xornada do 8 de marzo no Día Internacional polos Dereitos da Muller e a Paz Internacional, «para conmemorar a loita histórica por mellorar a vida da muller»

Máis de século e medio despois, o Día Internacional da Muller Traballadoras é un día de loita por mellorar as condicións de vida das mulleres que traballan, que, curiosamente, son todas, asalariadas ou non.

É o día de pedir o aumento das baixas por maternidade; de que non se produzan despedimentos ou a cancelación de contratos laborais por embarazo; de que estar en idade fértil non sexa un inconvinte laboral só para as mulleres; de que unha xornada maternal non supoña perda de poder adquisitivo ou de oportunidades profesionais; de que se persiga o acoso sexual no traballo coa mesma dureza que o roubo; de que non haxa brecha salarial nin teito de cristal; de que se valore ás mulleres polo seu talento e capacidades, non que llas prexulgue polo seu sexo; de que os estándares de confort nos postos de traballo non sexan medidos e establecidos polo patrón "home"; de que non se permita que os permisos por paternidade sexan empregados para outra cousa que non sexa o coidado dos fillos ou do fogar.



É o día de que non se «penalice» a dedicación profesional ou a ambición dunha muller nos procesos de custodia dos fillos; de que se revaloricen económica e socialmente as profesións altamente feminizadas, de que se favoreza a conciliación real; de que acabe a dobre xornada das mulleres… en resumo, de que a muller deixe de ser o elemento secundario no mundo laboral (exactamente igual que no resto dos aspectos da vida), e que iso se logre mediante a consecución da equidade entre sexos, que é a única que leva á verdadeira igualdade.



O Día Internacional da Muller Traballadora non foi nunca un día de reivindicación obreira sen máis coma se unha parte do proletariado, casualmente a de sexo feminino, decidise caprichosamente saír a loitar por melloras laborais pola súa conta. O Día Internacional da Muller Traballadora foi sempre un día de loita FEMINISTA. Porque calquera opresión que sofre unha persoa, se é muller, é peor. E porque a interseccionalidade vai diso, de que nas mulleres sempre é máis "o todo" que a suma das partes

Karina Castelao.
Colaboradora en Diario " El Común"
Cofundadora PFRG (Plataforma Feminista Radical Galega)



A muller no rural

Ana Gundín

EX CONCELLEIRA DE IGUALDADE NO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO
HOXE LIBREIRA EN BRÉTEMA



A MULLER NO RURAL

Ana Gundín

*"Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los pájaros,
Ni el onda con sus rumores, ni con su brillo los astros…" (Rosalía de Castro)*







Fotos cedidas por Mercedes Margareto e Laura Prieto

E eu digo que si falan, non temos máis que pararnos a escoitar, e darémonos conta de todo o bo que ten o rural, eu nacín no rural e vivo no rural, do cal me sinto moi orgullosa.
A vida no rural e moito máis familiar, todas e todos nos coñecemos, é tranquila non é o corre- corre das cidades, ule a verde no acanto de ulir a combustible dos coches, escóitanse os paxaros e non o ruxe- ruxe do tráfico… Pero ten un pero, e é que as institucións nos teñen un pouco abandonadas.

E dígoo en feminino porque coma sempre as máis prexudicadas somos as mulleres que a maiores de sufrir o teito de cristal no rural tamén sufrimos o "teito urbano-rural". As mulleres do rural vémonos castigadas polos servizos públicos (sanidade, transporte, coidados, servizos de conciliación) o cal conleva a que o traballo dos coidados recaia con mais forza sobre nós.

O non ter uns servizos de transporte públicos axeitados limítanos a hora de acceder ao mercado laboral, a isto súmaselle o non ter uns servizos de conciliación axeitado o cal fai que moitas mulleres se queden na casa para adicarse ós coidados de crianzas e maiores (no meu caso tiven que deixar de traballar fora da casa para adicarme o coidado das miñas fillas ata que estas comezaron no colexio), isto leva a que as mulleres non teñamos os nosos propios ingresos e non podamos ser independentes economicamente.

Pode que sexa froito diso o motivo polo que a taxa de altas de cotas no seguro de persoas autónomas no rural sexa máis alta en mulleres que en homes, xa que somos nós as que apostamos por emprender na nosa contorna e así poder conciliar ao mesmo tempo que traballar

Un dato moi curioso e que na gandería e agricultura as taxas de titulares de explotacións somos maioritariamente mulleres pero cando hai manifestacións ou protestas os que aparecen nelas son homes, ou pode que isto non sexa tan curioso, e que as mulleres non podamos asistir por ter que seguir na casa cos coidados correspondentes e supervisando as explotacións

Precisamos vontande política por parte dos gobernos e que estes se impliquen sen ignorar as nosas reivindicacións e necesidades, xa que ignorar esta realidade leva a tomar malas decisións que non nos axudarán a saír adiante.

E DÍGOO EN FEMININO PORQUE COMA SEMPRE AS MÁIS PREXUDICADAS SOMOS AS MULLERES QUE A MAIORES DE SUFRIR O TEITO DE CRISTAL NO RURAL TAMÉN SUFRIMOS O "TEITO URBANO-RURAL".





O rural somos a base da economía, que vai comer a xente das cidades se non se traballa o agro e non coidan da gandería? Pero para iso precisamos que veña máis xente a vivir nel, e para que a xente queira vir precisamos ter unha boa rede viaria, tamén precisamos que acheguen ao rural servizos que nos axuden a poder vivir e traballar nel, ter servizo sanitario as 24 horas, ter pediatra, ter servizo de raios X, ter matrona, ter uns Centros de Día e Escolas Infantís con capacidade de usuarios proporcional á poboación, coidar ben dos centros educativos ofertando a maior variedade de formación para que a xente nova non teña que marchar, ter uns servizos de Axuda no Fogar nos que non haxa listas de espera e ningunha persoa dependente se atope soa, precisamos ter un servizo de tren e autobús que nos permita desprazarnos a traballar, realizar xestións, acudir a especialistas sanitarios, precisamos ter acceso a internet que nos permita estar comunicadas e poder teletraballar... Precisamos ter os mesmos servizos e da mesma calidade que teñen nas zonas urbanas.

Todo isto nos permitirá ás mulleres ter unha boa calidade de vida vivindo no rural.
Eu quero seguir vivindo no rural, pero tamén quero que éste non se deixe morrer!



UN DATO MOI CURIOSO E QUE NA GANDERÍA E AGRICULTURA AS TAXAS DE TITULARES DE EXPLOTACIÓNS SOMOS MAIORITARIAMENTE MULLERES PERO CANDO HAI MANIFESTACIÓNS OU PROTESTAS OS QUE APARECEN NELAS SON HOMES, OU PODE QUE ISTO NON SEXA TAN CURIOSO, E QUE AS MULLERES NON PODAMOS ASISTIR POR TER QUE SEGUIR NA CASA COS COIDADOS CORRESPONDENTES E SUPERVISANDO AS EXPLOTACIÓNS




AVOGALÍA DA MULLER DO ATENEO FERROLÁN NOS 80

*** ESTE ARTIGO É UNHA PRIMEIRA APROXIMACIÓN AO TRABALLO DA VOGALÍA DA MULLER XA QUE A DOCUMENTACIÓN DA MESMA E DOS ANOS NOS QUE ESTIVO EN ACTIVO ESTÁ A SER ORGANIZADA E ESTUDADA. É MOITO O FONDO DOCUMENTAL QUE POSÚE A ASOCIACIÓN.**

O Ateneo Ferrolán como entidade de vocación de esquerda vive tempos escuros durante o franquismo e é refundado no 1976.
Coa Transición chegan cambios ao Estado e un ,fundamental, é a incorporación das mulleres , non sen moitos atrancos que chegan ata o dia de hoxe, aos espazos públicos.

Morto o ditador as cousas non cambian dun día para outro e aínda tardan en chegar demandas feministas como a Lei do Divorcio de 1982 , en 1985 chega a lei de Supostos para o aborto (a despenalización total non chegaría ata 2010) , no tocante a leis contra a violencia machista non é ata 1997 con Ana Orantes que no Estado comézase a dar un debate sobre a necesidade de enfrontala pero non é ata 2004 que hai unha lei que realmente a penaliza como un tipo de violencia que ten a súa orixe no machismo e tome medidas ad hoc , sen embargo aínda hoxe as leis non protexen efizcamente as vítimas e seguimos a ter 70 asasinadas ao ano e 267.000 denuncias.



ATENEO FERROLÁN
APARTADO, 303
FERROL

La Vocalía de la Mujer del Ateneo Ferrolán, está organizando un Centro de Documentaci'on y Orientación de la Mujer.

Nuestro proyecto consiste, por una parte en la puesta en marcha de grupos de trabajo que organicen diversas actividades (charlas, coloquios, conferencias, mesas-debate, tertulias, exposiciones...), de otro, formar en la Biblioteca del Ateneo una sección específica de Documentación sobre la mujer. Así mismo, con ayuda de diversos profesionales (abogados, asistentes sociales, médicos, etc.) mantener en funcionamiento un Centro de Orientaciòn para mujeres.


Por tal motivo, nos ponemos en contacto con vosotras para pediros que, si os es posible, nos proporcioneis la documentaciòn (libros, folletos, informes) e información (contactos, direcciones) de que dispongais, así como ideas sobre posibles actividades a realizar.

Tenemos intención de mantener frecuentes contactos con colectivos de mujeres con vistas a posibles colaboraciones e intercambios.

Gracias y hasta siempre.

Dirección: Magdalena 202 - 1º Ferrol
(La Coruña) Tfno.: 357970

Aínda que a Constitución garante no seu artigo 14 a igualdade é ben sabido que esta é mais sobre o papel que de facto.



ATENEO FERROLÁN

APARTADO, 303
FERROL

VOCALIA DA MULLER

ATENEO FERROLAN

CICLO SOBRE COÑECEMENTO
AFECTIVO-SEXUAL

NOVEMBRO - NADAL - 1.985

Sen embargo é moito o que debemos a estas primeiras mulleres que poñían o seu nome e as súas caras para reivindicar o seu espazo.
O 16 de xaneiro do 1976 tiña lugar a manifestación polos dereitos das mulleres da Plataforma de Organizacións Feministas con promotoras como o Movemento Democrático de Mulleres e no 78 é rexeitada a súa proposta do aborto libre.

Naquel contexto social no que a muller aínda se atopaba loitando cós ramallazos franquistas e sacudíndose séculos de falta de liberdade, mentres que os compañeiros só sacuden décadas, no Ateneo parece que as mulleres atopan un lugar onde participar,así, por exemplo o cargo de presidenta do Ateneo é exercido por unha muller Natalia Lamas de 1977 a 1979, sendo esta a segunda persoa no cargo desde a refundación.

En 1984 crease a Vogalía da Muller (atopamos unha primeira mención en xullo deste ano) que conta con nomes ben coñecidos dentro do feminismo ferrolán como Dolores Cervera Vázquez, Paloma Rodriguez, Dulce Mª Pico (dimite por discrepancias coa Xunta directiva sobre a participación mixta nun vento do 8M e discriminación positiva) ou Mercedes Gomez-Couto Tella (especialista en Emilia Pardo Bazán) tras cuxa dimisión non se fala nas actas da devandita vogalía, sen embargo na documentación da mesma se apreza actividade durante o curso 88-89 , así mesmo, continuou a vida da Coordinadora, polo menos a efecto de actividades do 88 e petición ao Instituto de la Mujer dunha subvención para as mesmas.

É de subliñar que neste curso 84-85 a directiva ten case paridade de mulleres e homes.

É ben interesante ver nas súas actas en que eidos lles pareceu que era máis importante traballar e as iniciativas que levaron a acabo con outras entidades como a “Asociación para la salud de Ferrol” da que nace a “Coordinadora de Estudios para la Mujer” con obxectivos que en documentación enviada ao “Instituto de la Mujer no 1986 (en activo desde 1983 e adscrito nese intre ao Ministerio de Cultura) enumeranse:

• A promoción da muller en todos os campos da vida social : educación, política, sanidade, traballo, cultura...etc.
• A defensa da igualdade de oportunidades para ambos sexos na realidade da vida cotiá.
• A potenciación do asociacionismo da muller encamiñado á participación pública desta en todas áreas.
• A información dos dereitos que a lexislación recoñece ás mulleres.


E así resaltan como xeito a traballar : *“Sensibilizar e informar á comunidade sobre os estereotipos sexistas transmitidos na familia, escola, medios de comunicación...etc.”*

Xa no 1984, ano de creación da devandita vogalía desenvolvese unha gran actividade orientada a conquerir istas metas:

• Grupos de traballo que organicen as actividades.
• Formar na biblioteca do Ateneo a sección específica de documentación sobre a muller.
• Manter aberto con axuda de diversos profesionais (avogados, asistentes sociais, médicos...etc.) un centro de orientación para mulleres.

Para conquerir a maior cantidade de información posible comenzouse un arduo intercambio epistolar con colectivos feministas estatais e internacionais e con centros políticos como embaixadas doutros países interesándose , entre outras cousas polas diferentes lexislacións.

Así por exemplo, atopamos que no curso 1984-1985 planificase :
• Crear un centro de documentación e información da muller que contaría con tres psicólogas , unha avogada , unha médica e unha asistente social.
Destácase na documentación interna o seu carácter informativo, de balde e aberto a todas as mulleres que o precisaran. O mesmo foi presentado en novembro do 84.




• Celebrar unhas xornadas de presentación da Vogalía e do centro de documentación e información cun acto de presentación inaugural có relatorio “Muller e sociedade” e un maratón de cine con títulos como “ La una canta y la otra no “ de Agnes Varda que aborda a irmandade feminina, o aborto e o contexto social e feminista na Francia dos 60-70.
Así durante a vida da vogalía, de 1984 a 1988, no Ateneo Ferrolán puidose escoitar e falar con mulleres pioneiras do feminismo como Esperanza Guisán (profesora na Universidade de Filosofía) , Margarita Ledo (cineasta), Pilar Pallarés (profesora de literatura e poeta) , Pascuala Campos de Michelena (arquitecta, para falar de algo aínda hoxe descubríndose, como arquitectura feminista), Lidia Falcón (avogada e fundadora do Partido Feminista), Monserrat Roig (escritora e periodista, militante antifranquista), Marina Subirats (política, filosofa e directora do Instituto de la Mujer nos anos 90)...etc.
Os temas ían dende a autonomía sexual , ao constructo do xénero feminino , a saúde, a situación da muller no traballo, pornografía, malos tratos, prostitución...o que ven sendo a axenda feminista pasada e actual.

Así, en 1985, a Vogalía marca como proxecto inmediato a organización dun ciclo sobre “Coñecemento afecto sexual” cunha duración entre 3 e 4 meses, na que se falaría de saúde física e mental, menopausa, anticoncepción, pornografía...etc

Nos folletos informativos do ciclo a vogalía pedía a participación nun “Estudio e análise da situación das mulleres na idade da menopausa", un tema aínda hoxe tabú e máis aínda cando vivimos nun contexto social que penaliza o envellecemento e máis concretamente o feminino.

Nos documentos do 88-89 dirixidos ao Instituto de la Mujer, a vogalía expón un proxecto educativo dirixido a profesores , APAS (hoxe AMPAS) e a alumnas e alumnos có obxectivo “Coeducación, por unha educación non sexista”.
Rematado o franquismo a educación viviu un replanteamento no que, por exemplo, se acabou coa segregación por sexos nas aulas pero quedaba e queda moito por traballar no eido da equidade entre sexos.


1º TRIMESTRE

DIAS 5, 7, 12, 14 e 15 de Novembro

Curso sobre Planificación Natural que impartirá o médico e monitor de planificación familiar natural Eduardo Cobelo López.

O día 15 intervendrá nunha charla-conferencia / Françoise Soler, experta en planificación familiar natural do Centro de Orientación e Divulgación de Planificación Natural de Barcelona.

DIAS 23, 24 e 25 de Novembro

Curso sobre Self-help (autocoñecemento sexual), impartido por:
Isabel Toledo, psicóloga e psicoterapeuta, Nela / Busquets, bióloga e monitora de planificación natural.
Curso restrinxido, cun máximo de 20 mulleres, / fixándose un precio de 2.000 ptas., para socias e 2.500 para non socias.

DIA 4 de Novembro

Intervendrán membros do Centro de Orientación Familiar de Ferrol. Falarán sobre os servicios / que presta e tipos de problemas que se lle presentan.

DIA 13 de DECEMBRO

Conferencia-coloquio a cargo de Miguel Anxo / García, psocólogo sobre "Pornografía".


NO 2º e 3º TRIMESTRE

Continuaremos continuaremos con este ciclo, / programando actividades, do que se vos dará cumplida información cando estén concretada-las datas dos/das participantes.

ESTA VOCALIA ESTA TENTANDO DE FACER UN ESTUDIO E ANALISE DA SITUACION DAS MULLERES NA EDADE DA MENOPAUSIA. AGRADECERIAMO-lA PARTICIPACION DAS MULLERES.

As actividades da vogalía non pretendían ser só eventos illados e de concienciación, buscábase a meta aínda máis cobizosa de elaborar análises e estudos que formaran parte da información recollida na Coordinadora da Muller.

Neste curso 88-89 perduran as xornadas de formación sobre sexualidade, concepción e aborto.
Temas que aínda hoxe son moi necesarias, é imposible a autonomía sexual sen información, ou como pasa neste tempo por sobre información errónea. Se durante o franquismo a tradición patriarcal xudeocristiana desinformaba con mitos conservadores, hoxe en día as redes fan a mesma función, tense acceso á pornografía aos 8 anos e moitos mozos e mozas recoñecen que aprenderon a súa sexualidade deste xeito.



Nestes últimos proxectos chama a atención a intención de coordinarse coas mulleres da Extensión Agraria que traballan nas catro areas rurais conlindantes: Doniños, Esmelle, Cobas e Narahio para cursos artesanais.
Se ben pode considerarse unha actividade despolitizada, os contactos coas mulleres rurais, que principalmente se atopaban illadas, era e é importante traballar desde un eido de conformación de espazos seguros e redes de confianza.

SEGUNDA REPUBLICA
Os tempos son chegados para a muller.
1939
Escomeza unha longa noite de pedra.
Volta a minoría de edade. O macho se impón.
No fogar, na escola, na rúa, no traballo, no Codigo Civil e un ouxeto, non unha persoa, un cidadán.
A muller non e naide.
Monecas, cociñas, berces, cadeiras para levar ás monecas é o séu mundo.
Cáseque sempre son parvas.
Os pais non terán moita mágoa cando non lles goste o estudo.
E cousa de nenos. O mais prestixioso e percurar mozo.
Nunha sociedade católica —nacional— feisista levase a crianza de fillos para o ceo.
Nin tan siquera achegar pracer ó macho. Era pecado.
A que non tiña a sorte de "pescar" home, íbase aviñagrando; chamada por todos á solteirona. Co tempo, a tía-solteira para coidar sobriños.
Muller pacienzuda para todo ó que lle votaran.
¡Mal pocadiña!
Tamén eran mestras, e zoscaban moito, pois ceibábanse da súa frustración.
De Falanxe. Tampouco eran mancas.
Traballar nunha fábrica.
Ou putas. Coma as galiñas.

Se ben a vogalía xurde no 84 xa vemos preocupación, por parte da entidade, sobre a situación da muller en eventos celebrados no 82, por exemplo, un ciclo de conferencias titulado "O Voto feminino. Medio século de historia de 1931 -1981. A muller na República e no feixismo" no que falan mulleres como Juana Doña, que traballara na Organización de Mulleres Antifeixistas-Secretaría xeral da Union de muchachas en 1938. Foi detida tras a Guerra Civil e condenada a morte, foille conmutada a pena en 1963.

Enriqueta Otero, mestra e ex combatente na Guerrilla galega, creadora da universidade popular "O Carriño".
Carmen Alcalde directora da revista "Vindicación feminista " escribiu varios libros sobre a situación da muller na Guerra Civil.
Empar Pineda, co-creadora da Coordinadora Feminista de Barcelona e da Comisión de Aborto de Madrid. Activista anti franquista , estivo na cárcere por elo.

E Carlota Bustelo, deputada do PSOE no Congreso Constituinte, fundadora do Fronte de Liberación das Mulleres e primeira directora do Instituto de la Mujer.

Así mesmo nestes anos acolléronse charlas e presentacións con feministas, o desenvolvemento das Xornadas sobre Malos tratos en 1999, a colaboración no recoñecemento de Concepción Arenal, exposicións de visibilización sobre o 8M , opresións patriarcais como o veo islámico ou a muller como botín de guerra, a Hildegarth como activista política e de liberación sexual máis ala do morbo do seu finamento... e hoxe en día tendo representación na Comisión de Igualdade do concello de Ferrol.

Segundo se vaia organizando a documentación sobre as actividades desta Vogalía estou segura atoparemos información moi valiosa sobre o contexto social dos primeiros intres da Transición, da situación da muller e do feminismo que saía da clandestinidade.



Sonia Mauriz Pereira
Licenciada en Humanidades.
Colaboradora columna feminista " El Común"
Directiva do Ateneo Ferrolán

Fotos fondo Ateneo Ferrolán

A REALIDADE NON CABE NUN LEMA



Dende detrás da barra do bar óese de todo, unha convértese en testemuña accidental do que pensa e fala xente de aquí e de acolá. Foi nunha desas pequenas conversas que xorden entre cafés e viños que un cliente habitual do bar me comentou algo que me deu que pensar e que foi o xermolo do presente texto; díxome que non é posible falar de dereitos nunha sociedade na que aínda non asentou o concepto de dignidade.

Estabamos a falar do interesante que podería ser un artigo sobre a figura de Concepción Arenal, ferrolá e pioneira na defensa dos dereitos das presas, nun tempo no que non era doado falar de xustiza social para os reos e aínda menos para as mulleres. As verbas daquel home quedarónseme rondando no maxín, xa que, ainda que el estaba a falar do nacemento do termo en sí, de como xurdíu o concepto de dignidade na nosa cultura , levoume a pensar en como estamos actualmente a debater sobre dereitos as veces desde espazos onde non se dan as condicións materiais mínimas que permitan que eses dereitos poidan ser exercidos ou mesmo comprendidos.

E pensei na dignidade, e nas mulleres, e nos dereitos que damos por sentados e de súpeto volven a estar a debate.

Para as feministas é moi obvio que sendo as mulleres a metade da poboación, o acceso á “nosa metade” non debera ser tan difícil de obter, pero a realidade segue a ser outra e temos que estar repetindo conceptos moi básicos que xa dixeron moitas antes que nós e reiterando vindicacións que xa fixeran as anteriores xeracións de feministas.



Mentres na academia ás veces perdémonos en teorías que parecen afastadas da vida cotiá e na política se impoñen discursos pechados e dogmáticos, a realidade segue o seu propio camiño. A sensación que flota no ar nos últimos tempos é que o mundo político esqueceu os matices: os debates redúcense a loitas de bandos, a mantras repetidos, a “estás con nós ou contra nós”. E nesa polarización constante parece perderse a lóxica crítica máis básica así como a facultade de recoñecer a validez dun argumento polo seu contido, indiferentemente de quen o enuncie. O mundo dos sentires parece que precise pisar continuamente a análise crítica, e apelando á liberdade de expresión poñense na mesma balanza as opinións que os feitos.

Por exemplo, recentemente, Donald Trump asinou a “Protección do Deporte Feminino e das Nenas” para impedir que as mulleres trans participen en competicións femininas (CNN).

Aquelas feministas que criticaron a participación de mulleres transxénero no deporte feminino polo abuso físico que esto supón, foron automáticamente comparadas con Trump e acusadas de tránsfobas, fascistas ou reaccionarias.

Como ben dixo Tasia Aránguez debatindo con Pablo Iglesias, *“Un argumento é válido dígao Agamenón ou o seu porqueiro”* (Theobjetive).

Resulta especialmente significativo, como Pablo pretendía explicarlle feminismo a ela a base de insultos mentras que ela argumentaba a súa postura.

Recoñecer que os corpos dos homes e das mulleres teñen diferencias físicas e que a situación era abusiva ten que ver coa esixencia de deportividade e competencia xusta nas competicións. Que un político reaccionario argumentara o mesmo, non debería converterse nun motivo de linchamento público para ás feministas nin na base para comparativas absurdas.

Concordar coa dereita en que a chuvia molla, non convirte a quen observe o mesmo en reaccionaria nin en fascista.

Do mesmo xeito, que esta medida sexa necesaria para as mulleres, non quere decir que haxa moitas outras nese mesmo discurso que son claramente unha perda no avance pola igualdade nin que as feministas apoien a Trump.

O feminismo non pode permitirse ser prisioneiro de etiquetas ideolóxicas cando o que está en xogo son os dereitos e os espazos seguros das mulleres, nin ter que estar continuamente perdendo un dereito para gañar outro como se as nosas vindicacións non fosen xustas e lexítimas e tiveramos que estar continuamente perdendo algo para que nos permitan avanzar noutra cousa. Non nos están a regalar nada.

Podemos ver este patrón con outras tantas cuestións. Sirve de exemplo, o debate que rexurde esta semana sobre a prohibición do veo islámico nas escolas. Se ben é certo que non podemos ignorar os riscos dunha prohibición cega, a liberdade de elección está a ser unha coartada para normalizar prácticas que non son máis que imposicións patriarcais disfrazadas de identidade.

O relativismo cultural convértese nun perigo cando nos leva a xustificar o inxustificable: se condeamos a ablación xenital ou os matrimonios forzados, por que facemos excepcións con outras formas de control sobre os corpos das mulleres?

Mentres tanto, a esquerda, que debería ser a nosa aliada natural, parece máis preocupada por defender o seu propio relato que por cumprir os compromisos coas mulleres. Vemos a líderes que se autoproclaman feministas envoltos en escándalos de abuso, asistimos con abraio a actos do Día da Muller nos que os protagonistas son homes e seguimos esperando que a promesa dunha política abolicionista contra a prostitución e a trata se convirta en feitos. Nun país onde a violencia prostitucional move miles de millóns de euros (ONU Mujeres-contraborrado), a falta de acción por parte da esquerda que se autopercibe feminista non é só decepcionante: é un insulto á intelixencia.

Xa ben dixera Alexandra Kollontai que a loita de clases non aseguraba, por si mesma, a liberación das mulleres. Mentres os camaradas centraban o discurso na emancipación do proletariado, Kollontai denunciaba que as mulleres seguían sendo vistas como unha cuestión secundaria dentro do movemento obreiro.

A súa crítica segue a ser actual: a esquerda continúa priorizando a súa axenda política e económica, deixando de lado os dereitos específicos das mulleres ou, peor aínda, sacrificándoos en nome dunha suposta causa maior, que, como sempre, é calquera causa menos a dfensa dos dereitos desta metade do planeta composta polas mulleres e as nenas.

Seguimos a ser proletarias do proletariado, incorporadas masivamente ó traballo pero esperando que os homes se incorporen masivamente ó fogar e ós coidados.

Así pois, neste momento no que o patriarcado se infiltra no movemento a través do discurso da posmodernidade, por suposto que imos aferrarnos a calquera dereito que poidamos recuperar veña de quen veña.

O cal non implica que estemos de acordo co resto de medidas dun partido ou político, senon que a historia xa nos deixou ben aprendida a lección de que tiñamos que ir agarrando forte calquera avance por pequeno que fora e facer forza para non soltar os dereitos logrados.



Comic from RANCOM!

Se facemos un pouco de memoria, é sinxelo constatar que moitos dos nosos dereitos non foron conquistados por convicción feminista, senón por pragmatismo ou mesmo por misoxinia.

Un dos argumentos máis potentes polos que se permitiu ás mulleres ser mestras non foi o seu dereito á educación, senón por considerar que era natural para as mulleres ser nais e que unha profesora sería unha especie de segunda nai para os nenos. A esquerda que tan aliada se supón,rexeitou en moitos casos o sufraxio feminino posto que temían que as mulleres votasen segundo a vontade dos seus maridos e dos curas.

O acceso das mulleres ao mercado laboral non foi unha aposta pola igualdade, senón unha necesidade en tempos de guerra, cando alguén tiña que substituír os homes nas fábricas.

O mesmo aconteceu coa súa incorporación ás forzas de seguridade ou ao exército: non se fixo por compromiso coa igualdade, senón pola urxencia de contar con máis efectivos.

Mesmo o acceso á educación superior estivo condicionado durante moito tempo pola idea de que as mulleres debían formarse para ser mellores esposas e nais.

E así, unha e outra vez, pedíronnos lealdade ao progresismo sen esixir que o progresismo fose leal con nós.

E cando sinalamos estas contradicións, a resposta é o insulto: “terf”,”islamofóbica” “facha”... Parece que sempre hai unha etiqueta preparada para desviar a atención e facernos perder o tempo en debates terminolóxicos.

Namentres as feministas estamos a pedir dereitos para as mulleres e esixir o fin da violencia, atopamos por resposta planteamentos absurdos sobre o que é ou non unha muller.

Quizais se os nosos políticos pasasen máis tempo detrás dunha barra —pero do lado de dentro—escoitarían mellor á xente á que din representar.

Non lles viría mal enfrontarse a unha quenda dobre na hostalaría antes de deseñar medidas que afectan directamente as traballadoras xa saturadas con dobres e triplas xornadas. Tal vez así, en lugar de soltar discursos grandilocuentes e encherse de eslóganes baleiros, comezarían a facer política cos pés na terra e coa realidade no maxín.

As mulleres non somos un colectivo, somos a metade do planeta. Moitas empezamos a estar xa fartas de que se nos pida que sexamos o paraugas de todas as outras loitas namentres as nosas peticións sempre se deixan para despois.

O feminismo non é unha moda transitoria nin unha festa que celebrar cada 8 de marzo á que están convidados ata os opresores. Non. É un movemento e unha teoría crítica con séculos de loita ás costas que busca abolir os sistemas de explotación que se dan sobre as mulleres, non sobre a idea abstracta de muller ou os mitos sobre o imaxinario feminino, sobre mulleres reais que enfrontan violencias reais. Mulleres asasinadas á mans das súas parellas, mulleres secuestradas para ser prostituídas, mulleres sostendo o peso dun sistema que non as sostén.

Esto vai sobre a dignidade e os dereitos fundamentais das mulleres e sobre esixir as condicións materiais para obter o que nos corresponde: ser donas da nosa vida e dos nosos corpos.

A.G.C. Traballadora do mar e do bar. Doutoranda en socioloxía pola UDC, Graduada en Comunicación con mestrado en Políticas Sociais e especialidade en Igualdade. Socióloga de vocación e comunicadora por pasión. Farta da política de despacho que se afasta das mulleres traballadoras mentres nos piden que calemos e agradezamos. Non penso calar.

Fontes:
1. Orden ejecutiva que prohíbe a mujeres transgénero participar en deportes femeninos: El 5 de febrero de 2025.CNN
2. Críticas de feministas a TVE polo trato recibido o 12 de febrero de 2025, no programa 59 segundos de TVE .Debate entre la profesora de Filosofía del Derecho, Tasia Aránguez e Pablo Iglesias, centrado na participación de mulleres trans en categorías deportivas femeninas. Tralo devandito debate, a Alianza Contra el Borrado de las Mujeres presentó unha queixa ante a Defensora da Audiencia de TVE polos insultos e o trato desigual que recibiu a súa representante, https://theobjective.com/medios/2025-02-19/feministas-television-espanola-insultos-pablo-iglesias/
3. ONU mujeres: Contraborrado

Andro-espello


Andro-espello

Ano 2020, salón de plenos do Concello de Alacante. Verán. O aire acondicionado atópase a vinte e cinco graos, temperatura óptima para o ser humano segundo os expertos. Pero elas tiritan de frío. A edil Vanessa Romero disponse a comezar a súa quenda de palabra cando sorprende á sala coas seguintes declaracións: "Antes de comezar a miña intervención, quería facer un pequeno apuntamento. Aquí *"estamos conxeladas de frío*" e continúa *"que esteamos a pasar frío nós é un micromachismo. O estándar dos 24-27 graos de confort foi establecido con referencia a un home (…). O das mulleres é de tres graos por encima" (J. S, 2020).*

As mofas non se fan esperar, ninguén entende de que fala esta señora, *"microqué?, o aire acondicionado machista? o que nos faltaba...".* O alcalde resolve a discusión cun simple: *"pois apagamos o aire e suemos en igualdade" (J. S, 2020).*

A ristra de ofendidos esténdese en redes sociais días máis tarde, expertos en feminismo ao longo e ancho de todo o país únense ao debate. Ninguén entende nada. E é que parece que Romero acusa a ese aparatito, inanimado, de machista. Pero o certo é que a edil non sinala ao obxecto, sen alma, senón ao estándar masculino que rexe as nosas vidas. Esa regra androcéntrica que dita cal é a temperatura óptima, cal as dimensións confortables dos asentos do tren ou a distancia que debe haber entre o teu coche e a máquina expendedora dunha peaxe, cantas veces estirástesvos tal contorsionistas polo portelo para tentar alcanzar o ticket do aparcadoiro ou da peaxe?

É case imperceptible sen ese olfacto que desenvolvemos as que —para ben ou para mal— caemos na piscina do feminismo. Témolo tan interiorizado que nin somos conscentes de que vivimos nun mundo feito para os corpos dos homes, e por iso, moitas veces, sentimos que os nosos non encaixan. Así o sinto eu cada día ao coller o meu coche (unha furgoneta Berlingo de fai vinte anos). Algo falla na proporción do asento, os pedais e o volante. Estírome, forzo o pescozo, os brazos, recoloco o volante, o asento… e nada, sigo sen estar cómoda no meu propio coche. O problema non é o meu corpo, senón que ningún enxeñeiro expúxose incorporar a dimensión feminina nos seus deseños; e moito menos, anticipou que unha muller sería a condutora dun vehículo de grandes dimensións se non é un monovolume familiar no que repartir á súa prole entre colexios, extraescolares e outros quefaceres cotiáns.


20minutos.es

20minutos 2025

La explicación científica que avala la queja de la edil de Podemos: ¿el aire acondicionado se diseñó para hombres?

NACIONAL EILA R. FILGUEIRAS
NOTICIA / 31.07.2020 - 14:04h

- Un estudio avala que las regulaciones están basadas en modelos de confort para hombres desarrollados en los 60.
- Una concejala de Podemos denuncia "micromachismo" en un pleno por la temperatura del aire acondicionado.
- Guerra por el aire acondicionado: esta es la temperatura máxima y mínima estipulada por la ley española.

O androcentrismo dá calor, dor de costas, pero tamén provoca mortes. Igual que os enxeñeiros, os médicos tampouco quixeron reparar en que quizá os síntomas tiñan xénero. Que quizá, un infarto, non se manifestaba da mesma forma en mulleres e homes; e así, moitas quedaron polo camiño, ata que valentes profesionais sanitarias esixiron unha investigación en saúde con perspectiva de xénero. Abrindo o paso a moitas outras.

Grazas, compañeiras, por abrir paso á que vimos, grazas por soportar a rabia de moitos para que todas vivamos mellor e deixemos de mirarnos no espello masculino. Agora, nesta conmemoración do 8M, escribo estas liñas por todas as feministas que gritan, molestan e sinalan.

Sarah Lamas
Políticas e Investigación Social
sarah.d.lamas@gmail.com



J. S., (2020). El aire acondicionado bajo es micromachismo;: la polémica queja de una concejala de Podemos. El Español. https://www.elespanol.com/espana/20200731/aire-acondicionado-micromachismo-polemica-queja-concejala-podemos/509450238_0.html

Antipolis, Sophia (2028). Women having a heart attack wait longer than men to get help. European Society of Cardiology. https://www.escardio.org/The-ESC/Press-Office/Press-releases/women-having-a-heart-attack-wait-longer-than-men-to-get-help

CONCURSO CARTACES 8M

Có gaio do 8M entre as actividades do Ateneo Ferrolán polo día da Muller Traballadora organizouse un concurso de cartaces con temática feminista.
Ademáis dun premio económico os participantes segundo puntuación pasarán a formar parte dunha exposición no mes de abril no mesmo Ateneo.
O xurado composto por tres mulleres comprometidas coa igualdade non o tivo sinxelo para decidir.
Polo ateneo a profesora Anxeles Seoane, directiva da entidade, Laura Couto de Fuco Buxán e do podcast A xanela das Fucas e Carla Elias periodista da Voz de Galicia.



A iniciativa quere convidar a sociedade a pensar no transfondo do día, no seu significado e necesidade nun momento onde son moitos os que esgrimen que a igualdade está conseguida, sen embargo xa temos normalizadas as novas de feminicidios, violacións e desigualdae social e laboral.

A igualdade que asegura no papel a Constitución no artigo 14 non se reflicte na vida cotiá das mulleres.

Que as aportacións ao concurso veñan de moi diversos grupos de idade , desde alumnos da ESO, a Universidade, mediana idade e xubilados/as pon na mesa a conclusión de que toda a poboación decata da necesidade do feminismo na sociedade, aínda a día de hoxe, e que a cidadanía está disposta a por o seu gran de area.

E pon de releve a importancia da loita social unida, se a maioría quere e traballa por un cambio, este chegara.
Aínda que o noso eido de acción nos pareza pequeno, unha profesora comprometida que anima aos alumnos a crear carteis para reflexionar esta realidade, uns pais educando aos fillos na igualdade, unha entidade cultural visibilizando mulleres, un contratador que non priorize homes...etc. Cada un pode elixir en cada momento o seu papel nesta causa.
Pola nosa banda agradecer aos participantes e anunciar a inauguración da exposición e entrega do premio económico o 1 de abril.

“Mentres haxa unha muller sometida ,nunca serei unha muller libre “ (A. Lorde)




CONCURSO CARTACES 8M

PRIMEIRO

De **Mercedes Quintiana Peréz**

Fai referncia á orixe da cor morada feminista e do 8M como día de reivindicación, ademais de lembrar a cuestión de clase inherente ao feminismo.





SEGUNDO

Pablo Garcia .

Incide na ocupación do espazo público por mulleres non só limitándonos ao privado/doméstico.



TERCEIRO

Olga Martinez Gomez
A igualdade é só posible partiendo da equidade entre sexos.





A MONTAÑA TAMÉN É NOSA

A conquista dos espazos públicos e actvidades non tradicionalmente femininos seguen a ser unha necesidade e debe ser unha prioridade no camiño da igualdade.

Foto cedida “Mulleres Montunas Ferrolterra

O deporte é unha actividade tradicional e culturalmente masculinizada ao longo da historia , máis cada día hai máis mulleres e nenas que se achegan á súa práctica.

As estatisticas segundo a UNESCO indican que o 49% das nenas abandonan a practica deportiva durante a adolescencia.

Os motivos van desde a falta de seguridade, falta de confianza e modelos referentes e imaxe corporal negativa.

Nos últimos anos parece que cada vez máis mulleres voltan ao deporte como afición sen profesionalizar na idade adulta, como un xeito de desconexión da vida cotiá , para mellorar á súa saúde, en búsqueda de contacto social e, incluso, para paliar efectos negativos do ciclo menstrual ou a menopausa.

Se son obvias as dificultades coas que se atopa o deporte profesional, moitas aínda paliadas pola recente lei do deporte Lei 39/2022 de decembro de 2022 que no seu preámbulo explicita:



“O lexislador non podía ignorar o desamparo legal das mulleres deportistas en situación de embarazo. Ante a perda de axudas e subvencións baixo o pretexto de non competir, redución dos seus dereitos como membros de entidades deportivas tales como a perda do dereito a voto nas asembleas xerais das federacións deportivas, así como as dificultades manifestas para a conciliación familiar e a reincorporación á actividade deportiva tras a maternidade.

Para iso, as deportistas manterán os seus dereitos de voto aínda cando non cumpran os requisitos xerais establecidos na lei, especialmente os que esixen o mantemento dun tempo mínimo da licenza ou da práctica da actividade deportiva, e conservarán os seus dereitos como deportistas de alto nivel unha vez transcorrido este período, sen prexuízo da necesidade de implementar políticas activas que asenten estes principios. Todo iso compleméntase con máis medidas de fomento da igualdade, pero tamén nos dereitos e deberes das persoas deportistas, co firme propósito de avanzar en materia de inclusión e de igualdade”



Foto cedida Mercedes Margareto

Claro, está que o deporte afeccionado atópase ante outras dificultades cara a igualdade.

Por exemplo esaxerada diferenza entre os premios sendo asi que as veces o premio en catgoría masculina é económico e de categoría femenina unha batería de cociña ou un bikini.

Pero ademáis nas vidas persoais tamén unha muller deportista afronta desigualdade. Se ben está ben visto que os homes manteñan as úas afeccións sendo pais, ás nais se lles inculca a sensación culpable de estar a abandonar as crianzas só por tomarse un tempo para si mesmas.

“ - E quen che quedou cós cativos? -Quedan có pai. -Ai , que sorte tiveches con el , que padrazo.”

Súmalle a vergoña a saír a correr, por exemplo, con homes e con equipas mixtas. Culpa de ser máis lenta, de ser lastre, inseguridade có teu corpo e, nalgúns casos, inseguridade de ir ao monte soa con homes ou soa a secas.

Asi por exemplo, en Galicia temos o proxecto Asaltamontes Female que xunta mulleres de todas as localidades para correr xuntas, sen importar ritmos e idades, sendo este un xeito de achegalas á actividade para perder os medos.
Nunha entrevista a súa cara máis visible, Aroa Sio, daba como ideas para que as mulleres se atreveran a competir en trail que os tempos de corte foran, sendo moi necesarios, un pouco menos esixentes xa que este factor é un dos máis mirados polas mulleres para apuntarse a unha carreira, que quizais están máis orientados aos ritmos masculinos.

Non sería mala idea tampouco asegurar por parte das organizacións ludotecas onde deixar aos cativos mentres se compite.

Sería importante ademais, xa en idade infantil e adolescente ter referentes femininas e educar no que o deporte pode aportar máis alá dunha carreira profesional que xa é moito.




Asi por exemplo, preguntadas mulleres deportistas , corredoras de trail, da comarca , nomedamente apuntan a que lles aporta desconexión das preocupacións e velocidade cotiá.

Esther, corredora e das poucas presidentas de clube deportivo de montaña no CD 21 Leguas, conta que o saír a adestrar á natureza lle da
“ Liberdade, desconexión e seguridade en si mesma
O conquerir obxectivos deportivos, sexa un ritmo ou unha carreira concreta favorece a visión postiva dunha mesma.
A min axudoume a superer momentos vitais dificiles”

Sobre o trato con compañeiros homes subliñou
“Fóra de Galicia non sei como é, e escoitanse cousas pero aqui e, no meu clube, o trato cós compañeiros é de bastante igualdade.
Non me sinto insegura nunha carreira, nin nun adestramento. As organizacións asi mesmo creo que foron adaptándose á nosa presenza”

Nunha sociedade que non conta con suficentes recursos para asegurar a conciliación cando todo vai ben, é moito peor cando o teu fogar ten necesidades especiais , que adoitan recaer moitas veces aínda na figura da muller coidadadora, asi temos o caso de Isa, nai, traballadora e corredora de trail do ADC Monte de Breamo:

“Son Isa, muller traballadora, nai separada, teño unha nena (10) e un neno (7), este cun síndrome raro (síndrome deleción 1p36) e TEA.
O deporte foi a miña vía de escape, o que me axudou a sair dun colapso mental cando me atopei de súpeto, estreando a miña familia de catro, ca separación de esta e ca incertidumbre da enfermidade do pequecho, a cal durou dous anos…
Comecei a correr, os adestramento cada vez ian sendo máis satisfactorios, a xente que me acompañou e animou a probar o trailrunning, inmellorable, pero o cansancio por teres que chegar a todo, os poucos momentos para unha por teres que botarme o fogar as costas, fixo que estos adestramentos foran imposibles e da man veu:



frustración, máis ansiedade, corpo dolorido e moitas molestias, lesións, malhumor e magoa por non poder marcarme retos en calquera proba de trail.
Non podería con todo, son súper, máis non súper woman… pero non desisto xa que penso que o deporte é salvador"

Como xa se apuntaba antes neste artigo é peculiar ver como mulleres de mediana idade acheganse á practica deportiva en idades nas que xeralmente antes , a muller só se adicaba á crianza dos fillos, coidado dos seus maiores e ao traballo. E, ao sumo; vida social coa parella e familia.
Cada vez máis a muller esixe un espazo propio e no espazo publico, por exemplo asi nos conta Mercedes, do CD 21 Leguas e activista pola recuperación dos lavadoiros antigos de Cérvas:

"Se me chegan a dicir anos atrás que con 45 anos empezaría a correr, botoume a rir.
O meu amigo, marido e compañeiro de vida inicioume no Trailrunning.

Ao principio foi duro pero aos poucos te metes neste mundo que dáche moitas alegrías e vivencias.

Saio a adestrar polo monte do meu pobo un 90% de veces soa.
A min nin me dá medo, nin me preocupa pero si que hai veciñas que dinme " Ten coidado" .Non lles gusta que vaia soa.

Actualmente con 53 anos coidando a dous pais dependentes, ir correr é a miña escapatoria das obrigacións e preocupacións do día a día.
Dáme forzas para seguir, para sorrir, para enfrontarme ao traballo, para quererme.
Deixas os problemas ao carón e concéntraste no percorrido que vas facer.
Forzas á túa mente para te esquecer do que faite mal e a enches de cores, de lugares, de paisaxes.
Moitas veces sofres pero iso tamén che fai máis forte.
E cando chegas a meta, sexa en carreira ou adestro, chegas chea de enerxía, de positividade, de orgullo e con gana de seguir vivindo e sorrindo"

No meu propio caso que tamén formo parte do CD 21 Leguas, o deporte aportoume calidade de vida xa que con 30 anos tiña grandes dores de costas e cervicais que me tiñan ,moitas veces parada durante días e tardes enteiras de vomito e descanso a escuras.
Tamén foi fundamental para ter a raia unha enfermidade autoinmune como o hipotiroidismo .
Pero, máis ala, na parte persoal deume folgos para sair de situacións persoais duras de parella, para recuperar auto estima e priorizar o meu auto coidado.
Ampliou o meu mundo afectivo e emocional, xa que nunha idade na que se soe pensar que xa está todo feito e non se coñecen novas amizades, eu coñecín a moito do meu circulo máis achegado e persoas que me aportaron unha visión do mundo moi sana mental e fisicamente.





Por outra banda liberoume do concepto “data de caducidade” que nos impoñen as mulleres a partir da mediana idade.

Vendo que cada vez son capaz de enfrontarme a novos retos, carreiras máis duras, máis longas, máis técnicas e non sendo invisible en eidos tradicionalmnte vencellados coa mocidade e coa masculinidade. Sinto que a vida máis alá dos 40 nin remata, nin consiste en envellecer agardando a morte sen metas e retos novos.

Como feminista e activista sorprendeume para ben a actitude masculina dentro dun deporte como o trail. Non podo extrapolalo a outros deportes por descoñecemento desde dentro.

Vexo cambios en deportes como futbol,onde parece que cada vez máis hai siareiros de clubes femininos ou no memso Ferrol un apoio que medra ao Baxi, unha equipa de baloncesto que superou momentos moi dificiles ata chegar aquí.

Dentro do trail, que é o que mais coñezo, e o trail galego, noto compañerismo tanto nos clubes como nas carreiras, asi corredoras locais como Lupe Rubio, do Clube Pasa ou Entorna e moitas veces galordanada como mellor corredora de montaña da comarca , é admirada polos corredores masculinos á marxe do seu sexo.

Se ben hai pioneiras como Azara “Storm”, fora de Galicia que sinalan desilgualdades en deporte elite.

Dentro do deporte galego de montaña é comun ver adestramentos mixtos e cada vez máis directivas de clubes nos que hai cada vez máis presenza de mulleres, o que significa , tamén que nos animamos máis a federarnos e compartir espazos.

As organizacións de carreiras, un factor fundamental, creo que aseguran tal igualdade e fomentan a nosa presenza cada vez máis, así hoxe en día os podiums das categorías masculinas e femininas anúncianse conxuntos, asegúranse que haxa vestiarios de mulleres, sen diferenzas de premios e, quizais estanse a abrir algúns tempos de corte un pouco máis.





Agardemos que o medre do número de mulleres nos clubes e nas carreiras sega en ascenso e perdamos o medo a desfrutar do monte e o deporte xa sexa soas ou acompañadas.

Tamén é importante recuperar o dereito á soidade, a coller as zapas e percorrer camiños, parafraseando o poema de Xohana Torres “ *Eu tamén trotar”*

Foto cedida “Mulleres Montunas Ferrolterra”

Sonia Mauriz Pereira Licenciada en Humanidades.
Colaboradora columna feminista “ El Común” Directiva do Ateneo Ferrolán
Corredora en CD 21 Leguas



8M

ATENEO ARTISTICO



Atenea especial feminista

